

ORDENANZA NÚM. 14
REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAZO DE
MARIÑÁN

(BOP número 296, do 28 de decembro de 1998)
(BOP número 286, do 15 de decembro de 1999)
(BOP número 285, do 14 de decembro de 2000)
(BOP número 283, do 12 de decembro de 2001)
(BOP número 284, do 12 de decembro de 2002)
(BOP número 67, do 23 de marzo de 2004)
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)
(BOP número 285, do 15 de decembro de 2005)
(BOP número 286, do 15 de decembro de 2006)
(BOP número 286, do 13 de decembro de 2007)
(BOP número 290, do 18 de decembro de 2008)
(BOP número 236, do 14 de decembro de 2011)
(BOP número 237, do 13 de decembro de 2012)
(BOP número 238, do 16 de decembro de 2013)

Artigo 1.- Concepto.

a) De acordo co disposto no art. 148 en relación co art. 41, ambos os dous do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público por servizos de aloxamento, comedor, cesión de locais para a celebración de asembleas, seminarios, etc., no Pazo de Mariñán, que se rexerá polo que se dispón nesta ordenanza.

b) Poderán ser usuarios do Pazo de Mariñán todas aquelas entidades cuxas actividades que se han desenvolver no centro sexan de interese provincial ou clara relevancia cultural ou científica.

Artigo 2.- Obrigados ó pagamento.

Estarán obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servizo ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3.- Non obrigados ó pagamento.

Non estarán obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas que utilicen o dito servizo para realizar actividades de tipo cultural ou de promoción social, científica ou económica, cando sexan patrocinadas ou por iniciativa desta Deputación provincial.

Artigo 4.- Contía.

1.- O importe do prezo público fixado nesta ordenanza cubrirá, como mínimo, o custo do servizo prestado, podendo fixarse un prezo público por debaixo do custo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

O prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no apartado seguinte.

2.- As Tarifas do Prezo público serán as seguintes:

Tarifa Primeira.- Aloxamento:

1.- Aloxamento.- Só habitación con almorzo:

- a) Habitación dobre ocupada por 2 persoas, cada unha ao día, 41,45 €
- b) Habitación dobre ocupada por unha soa persoa, ao día, 57,00 €

Tarifa Segunda.-

Manutención soamente:

1.- Alimentación completa: Almorzo, comida e cea, cada persoa e día, 41,45 €

2.- Servizos soltos:

- a) Cada almorzo, 3,45 €
- b) Cada comida, 20,75 €
- c) Cada cea, 20,75 €
- d) Cada café, 1,55 €

Manutención soamente (en festivo, sábado ou domingo (grupo de 30 persoas ou máis)):

1.- Alimentación completa: Almorzo, comida e cea, cada persoa e día, 50,70 €

2.- Servizos soltos:

- a) Cada comida, 25,35 €
- b) Cada cea, 25,35 €

Tarifa terceira.-Cesión locais e instalacións:

A cesión temporal de uso de salas de conferencias, reunións e demais dependencias cuxa utilización se autorice para actos, asembleas, cursos, etc., non

ORDENANZA N.º 14

patrocinados por esta Deputación e con independencia de facturas por outras tarifas desta ordenanza.

	<u>CON</u> <u>ALOXAMENTO</u>	<u>SEN</u> <u>ALOXAMENTO</u>
a) Salón de actos capacidade ata 140 persoas (por día e local)	258,85 €	414,15 €
b) Salón de conferencias capacidade ata 103 persoas (por día e local)	207,10 €	258,85 €
c) Salón da Adegga capacidade ata 35 persoas (por día e local)	162,25 €	207,10 €
d) Aula 3 capacidade ata 30 persoas (por día e local)	155,30 €	162,25 €
e) Aula 2 capacidade ata 20 persoas (por día e local)	124,25 €	155,30 €
f) Sala Martínez Barbeito capacidade ata 15 persoas (por día e local)	93,20 €	124,25 €

Tarifa Cuarta.- Servizos Extras:

1.- Alimentación a base de menú especial con motivo de clausuras e outros motivos, solicitados polos interesados conforme ao orzamento ofertado pola gobernanta do pazo co visto e prace do xefe de Relacións Públicas e aceptado polo obrigado ao pagamento.

2.- Servizos de Bar o Cafetería – si os houberse – ao prezo que para o efecto se fixe.

3.- Nos supostos en que a actividade ou servizo que se ha desenvolver no Pazo de Mariñán, logo de autorización previa, non se encontre tarifada na presente ordenanza, delégase na Xunta de Goberno, conforme co artigo 32 da Lei 7/85, do 2 de abril, o establecemento da tarifa a proposta do servizo técnico correspondente con informe da Intervención Xeral.

3.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, se é o caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 6.- Normas de xestión.

- As solicitudes para a utilización do Pazo de Mariñán dirixiranse ó Ilmo. Sr. Presidente da deputación. Serán tramitadas e informadas polo servizo de Relacións Públicas. As autorizacións para a utilización do Pazo de Mariñán serán outorgadas polo Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación provincial.

- Os solicitantes deberán estar ó corrente do pagamento das débedas contraídas con esta Deputación provincial.

- O servizo de Relacións Públicas comunicará ó Pazo de Mariñán e á sección de Recursos Propios a actividade autorizada e a data.

- Rematada a actividade ou servizo suxeito a esta taxa, o Pazo de Mariñán comunicará nos catro días seguintes, á sección de Recursos Propios, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.

- A sección de Recursos Propios realizará a correspondente liquidación e notificación desta ó interesado.

Artigo 7.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal derroga a aprobada polo Pleno con data do 10 de outubro de 1995. Entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1997, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- A presente ordenanza fiscal aprobouse no Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña o día 25 de outubro de 1996, e modificouse no Pleno con data do 28 de novembro de 1997 e polo Pleno con data do 23 de decembro de 1998.

-
- Por acordo plenario celebrado o día 29 de outubro de 1999 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 1999) modificouse o artigo 4. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2000.
 - Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2000 (BOP núm. 285 con data do 14 de decembro de 2000) modificáronse os arts. 4 e 6. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2001.
 - Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2001 (BOP núm. 283 con data do 12 de decembro de 2001) modificouse o art. 4.2 . Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2002.

ORDENANZA N.º 14

- Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2002 (BOP núm. 284 con data do 12 de decembro de 2002) foi modificado o art. 4.2 . Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2003.
- Por acordo plenario celebrado o día 30 de xaneiro de 2004 (BOP núm. 67 con data do 23 de marzo de 2004) foi modificado o artigo 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de abril de 2004.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1 e 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2005.
- Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2005 (BOP núm. 285 con data do 15 de decembro de 2005) foi modificado o art. 4.2 . Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2006 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 2006) foi modificado o artigo 4.2, suprímese o artigo 7 e o artigo 8 pasa a denominarse artigo 7. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2007 (BOP núm. 286 con data do 13 de decembro de 2007) foi modificado o artigo 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
- Por acordo plenario celebrado o día 31 de outubro de 2008 (BOP núm. 290 con data do 18 de decembro de 2008) foi modificado o artigo 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2011 (BOP núm. 236 con data do 14 de decembro de 2011) modificáronse os artigos 4.2 e 4.3. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2012.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2012 (BOP núm. 237 con data do 13 de decembro de 2012) foi modificado o artigo 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2013.
- Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2013 (BOP núm. 238 con data do 16 de decembro de 2013) foi modificado o artigo 4.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2014.